Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Por resolución da Directora da Axencia de Turismo de Galicia de 29 de marzo de 2016 acordouse conceder ao Concello de Cambados unha subvención de 5.200 euros para contratar a un traballador nas oficiñas de turismo ao amparo do previsto na Resolución do 7 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG de 27 de xaneiro de 2016, Nº 17)

Polo exposto e ao amparo do previsto no artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común veño en AVOCAR a competencia (delegada na Xunta de Goberno Local mediante resolución da Alcaldía de 29 de xuño de 2015) para o presente expediente por motivos de economía procedimental e RESOLVO:

Primeiro.-Aprobar as bases que rexirán a contratación, con carácter laboral temporal do referido persoal e que son as seguintes:

BASES QUE REXIRÁN A CONTRATACIÓN DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto da presente convocatoria regular a contratación dun traballador nas oficinas de turismo do Concello de Cambados, en réxime laboral temporal, a tempo completo (37.5 horas), e na modalidade de contrato de duración determinada por acumulación de tefas e dende o 15 de xuño de 2016 ata o 15 de setembro de 2016 (3 meses e un día) de conformidade co establecido no artigo 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenrola o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada (Hoxe RDL 2/2015 TRLET).

A presente selección enmárcase dentro da Subvención concedida pola Directora da Axencia de Turismo de Galicia, e dictada ao amparo do previsto na Resolución do 7 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG de 27 de xaneiro de 2016, Nº 17)

SEGUNDA. RÉXIME E MODALIDADE DE CONTRATACION.

A contratación dos traballadores será en réxime laboral temporal, xornada a tempo completo (37.5 horas) na modalidade de contrato de duración determinada por acumulación de tarefas (3 meses e un día).

TERCEIRA.- REQUISITOS

Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade:

-Ser español.

-Ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, do Reino de Noruega, da República de Islandia, ou Liechtestein, así como da Confederación de Suiza, ou nacional de algún Estado ao que, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación la libre circulación de traballadores.

-Tamén poderán participar os extranxeiros non comunitarios que residan legalmente en España conforme ás normas legais vixentes, que reúnan os permisos que lle habiliten para residir e para acceder sen limitacións ao mercado laboral.

b) Ter cumplidos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
c) Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dita praza. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, sinalando se precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.
d) Figurar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia. Este requisito deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.
e) Haber sido preseleccionado pola oficiña pública de emprego
f) Titulación: Deberá disponer dalgún dos seguintes títulos: técnico superior en información e comercialización turística ou técnico superior en guía, información e asistencia turística, técnico en empresas e actividades turísticas, ou grao en diplomado/a en turismo ou equivalente homologado.
g) Certificados dos documentos acreditativos establecidos na cláusula oitava. No tocante ao apartado b) certificado dos servicios prestados en administración públicas acreditarase tal e como dispón o Anexo I do Real Decreto 1461/1982, de 25 de junio, por el que se dictan normas de aplicación de la Ley 70/1978, de 26 de diciembre, de reconocimiento de servicios previos en la Administración Pública.) No caso dos servicios prestados en empresas privadas deberase presentar certificado da vida laboral.

CUARTA.- PUBLICIDADE.

Darase publicidade á presente oferta de traballo mediante su publicación no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web, podéndose dar maior difusión mediante a colocación de bandos no Concello ou calquera outra medida adoptada ao respecto pola Alcaldesa.

QUINTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o concurso de méritos (Cotexaranse os datos polo tribunal que poderá facer preguntas para acreditar a veracidade dos datos aportados).

SEXTA.- XORNADA LABORAL.

A xornada laboral será a tempo completo, 37.5 horas semanais, de luns a Domingo, e en horario de 10 horas a 13.30 horas e dende as 17 horas as 20 horas cos descansos que se establezcan e réxime de turnos.

SÉPTIMA.- DURACION DO CONTRATO, RETRIBUCIÓNS.

1. A duración do contrato será de tres meses e un día e dende o 15 de xuño a 15 de setembro ámbalas dúas datas incluidas.
2. As retribuciones brutas mensuais serán de 1358.03 € en concpeto de Salario P.P. Extras e una vez finalizado o contrato aboaráse a cantidade de 137.32 € brutos en concepto de idemnizacón por finalización

OITAVA.-Selección:

As persoas preseleccionadas pola oficiña de emprego deberán achegar a carta de presentación expedida pola oficiña de emprego e comparecerán no Concello o día e hora indicados na devandita carta. Asimesmo deberán vir acompañados do DNI, respecto dos aspirantes que posean a nacionalidade española, do documento de identidade do país de orixe ou pasaporte para os aspirantes nacionais dos países membros de la Unión Europea e do pasaporte e o certificado de rexistro ou tarxeta de residencia, respecto do resto de aspirantes.

Deberán acompañar curriculum vitae e toda a documentación acreditativa a que se refire a cláusula novena.

NOVENA.- Criterios de selección:

a) Idiomas: Ata un máximo de 6 puntos.

Valoraranse os idiomas inglés, francés, alemán e galego, os cursos completos con valoración de apto, ou a súa equivalencia se se trata de ciclos ou niveis, correspondentes ao Marco Europeo de referencia de institucións organizadoras (1): A1: 0,25 puntos A2: 0,50 puntos B1: 0,75 puntos B2: 1,00 punto C1: 1,25 puntos C2: 1,50 puntos, para o inglés, francés e alemán e para o Galego únicamente se puntuará con 1,25 puntos os que dispoñan do Celga 4 e con 1,5 puntos os que dispoñan do Celga 5.

Institucións organizadoras: Inglés: Universidade de Cambridge, Reino Unido-Test of English as a Foreign Language (TOEFL IBT/CBT/PBT), ETS, Estados Unidos - International English Language Testing System (IELTS), British Council, Reino Unido - Trinity College London, Reino Unido. Alemán: Goethe Institute, Alemaña -TestDaF, Hagen Institut, Alemaña. Francés: Alliance Française, Francia - Ministerio de Educación, Francia. Galego (Celga 4 e Celga 5). Todos os idiomas: Escuelas Oficiais de Idiomas (EOI) - Universidades españolas ou convalidacións outorgadas polo Ministerio de Educación de España.

b) Experiencia profesional: Ata un máximo de 3 puntos

Por servizos prestados nas administración públicas ou empresas privadas como técnico superior en guía, información e asistencia turística, técnico en empresas e actividades turísticas ou guía turístico, a razón de 0,10 puntos por meses traballado.

c) Parados de longa duración: Ata 2 puntos.

Por cada mes de desemprego continuado ata a data da preselección pola oficina de emprego 0,05 puntos por mes.

Disposición interpretativa:
Nos apartados b) e c) non se prorratearán os periodos de tempo inferiores a un mes.

En caso de empate proporase ao aspirante que figure máis tempo desempregado.

DÉCIMA: Calificación da documentación:

A calificación da documentación presentada e as puntuacións serán realizadas polo tribunal relacionado no anexo I.

A lista que conteña a valoración dos méritos farase pública no Taboleiro de Anuncios da Corporación, e será elevada como proposta de resolución á Alcaldía.

UNDÉCIMA: Formalización do contrato laboral:

Á vista da proposta do Tribunal de Selección, a Alcaldesa ditará a resolución definitiva do procedemento selectivo ao obxecto de proceder á formalización do contrato baixo

a modalidade de contrato laboral temporal por obra ou servicio determiando por acumulación de tarefas , debendo os seleccionados aportar no prazo que se indicará na resolución a documentación requirida.

ANEXO I

A Comisión seleccionadora estará composta de seguinte xeito:

A* Presidente: Titular: Rocío Acha Barral. Suplente funcionario/a ou empregado/a laboral fixo/a en quen delegue.
B* Secretario que actuará con voz e sen voto: Francisco Javier Oubiña Lodeiro. Suplente funcionario/a ou empregado/a laboral fixo/a en quen delegue.
C* Vogais: María Parada Portas. Suplente funcionario/a ou empregado/a laboral fixo/a en quen delegue.

Segundo.- Comunicar a oferta de emprego á oficina de emprego.

Terceiro.- Dar conta a Xunta de Goberno Local e ao Pleno na seguinte sesión que celebren.

En Cambados a 6 de xuño de 2016.

A ALCALDESA

ILMO. CONCELLO DE CAMBADOS ALCALDÍA

Asdo: Fátima Abal Roma

O SECRETARIO XERAL

ILMO. CONCELLO DE CAMBADOS SECRETARÍA

Francisco J. Oubiña Lodeiro